



DÚBIDAS ©

**CONCEPTOS CLAVE E DÚBIDAS
FRECUENTES SOBRE A CREACIÓN
ORIXINAL E O RESPECTO
DOS DEREITOS DE AUTOR.**

Programa Educativo de CEDRO

Definición, diseño e desenvolvemento: NETURITY

Especialistas

Propiedade intelectual:

CEDRO (coa colaboración de Juan José Pindado)

Educación documental:

Natalia Bernabeu e M.^a Jesús Illescas


Maquetación e deseño de materiais impresos e identidade:

Pierre Comunica

Tradución:

Xavier López López

Este documento forma parte de Es de libro, programa educativo para fomentar a lectura, a creación textual e o respecto dos dereitos de autor, promovido por CEDRO e dirixido ao conxunto da comunidade educativa.



Dúbidas ©

Conceptos clave e dúbidas frecuentes sobre
a creación orixinal e o respecto dos dereitos de autor.



Sumario do documento

Preguntas

Dúbdas frecuentes **5**

Que significa?

Conceptos clave sobre
a creación orixinal e
o respecto dos dereitos de autor. **14**

Preguntas



- I. Sobre obras que ti crearas
- II. Sobre casos prácticos en el ámbito educativo.
- III. Sobre términos y conceptos de derecho de autor.

I. Sobre obras que ti crearas

Como podo acreditar que unha obra é miña?

A maneira máis sinxela para acreditar a propiedade dunha obra é a súa inscrición no Rexistro da propiedade intelectual. Agora ben, se se trata de impugnar unha inscrición feita por outra persoa da que se considera que se atribuíu ilicitamente a autoría sen ser realmente o autor, é posible recorrer a calquera forma de proba que existe no noso dereito (testemuñas, documentos, peritos, etc.). Será necesario, iso si, acudir a un procedemento xudicial co fin de que un xuíz acorde a anulación do asentamento rexistral incorrecto e a inscrición da obra a nome do seu verdadeiro autor. En calquera caso, a propiedade intelectual dunha obra pertence ao seu autor polo mero feito de creala.

Son autor de varios relatos curtos que me gustaría publicar. Podo publicar baixo un pseudónimo? Perdo algún dereito se o fago?

É perfectamente posible publicar baixo un pseudónimo e non se perde por isto dereito ningún sobre a obra. A lei regula os casos en que o autor utiliza un pseudónimo.

Escribín unha novela. É unha obra protexida pola Lei de propiedade intelectual?

Calquera creación humana que sexa orixinal e estea expresada por escrito, como unha novela, é unha obra protexida pola Lei de propiedade intelectual.

Escribín unha serie de contos. Que dereitos teño so bre eles?

A nosa lei vixente establece que a propiedade intelectual dunha obra pertence ao seu autor polo mero feito de creala. Esa propiedade intelectual está formada por dereitos de carácter persoal (dereitos morais) e por dereitos de explotación (dereitos patrimoniais), que atribúen ao autor a plena disposición e o dereito exclusivo á explotación da obra, sen máis limitacións cás que establece a lei.

Escribín uns poemas. Canto tempo os protexe a lei?

A nosa lei vixente en materia de propiedade intelectual determina que, para as obras literarias, os dereitos de explotación duran toda a vida do autor e setenta anos despois da súa morte ou declaración de falecemento, con independencia da data de divulgación da obra. Unha vez cumprido ese prazo, a obra pasa a ser de dominio público, é dicir, pode ser utilizada por calquera.

Compuxen unhas cancións. Que dereitos sobre elas poden ceder a terceiros?

Os dereitos de explotación (reproducción, distribución, comunicación pública e transformación) de calquera obra intelectual poden cederse a terceiros.

Compuxen unha partitura musical. Considérase unha obra protexida?

Si. A Lei de propiedade intelectual establece que as composicións musicais, con ou sen letra, e calquera plasmación delas (por exemplo, as partituras) están protexidas. Por iso non poden ser reproducidas sen a autorización do seu autor.

Quero traducir unha novela. Que teño que facer?

É necesario solicitar a autorización do seu autor ou do titular dos dereitos da obra que se quere traducir, posto que o dereito de transformación corresponde en exclusiva ao autor e a tradución considérase unha transformación dunha obra.

Quero elaborar unha antoloxía poética para unha editorial. Que teño que facer?

Para publicar unha antoloxía poética, o antólogo ou a editorial deben obter previamente a autorización do autor ou do titular dos dereitos de cada un dos poemas seleccionados, por son eles os que teñen o dereito exclusivo de dicir se autorizan a inclusión das súas obras (os seus poemas) noutra obra (a antoloxía).

Teño o propósito de elaborar unha base de datos de obras literarias e facela dispoñible para o público. Necesito pedir os dereitos desas obras para a miña base?

Si. Para incluír nunha base de datos obras protexidas pola Lei de propiedade intelectual hai que solicitar a autorización aos seus titulares, agás que as obras sexan de dominio público. Agora ben, se a base de datos non vai conter as obras en si , senón só unhas fichas descritivas das obras, con datos bibliográficos e doutro tipo, non é necesaria a autorización previa dos titulares.

Para publicar un libro meu, a editorial proponme a sinatura dun contrato de edición. En que consiste este contrato?

En virtude do contrato de edición o autor cede ao editor temporalmente os dereitos de reprodución da súa obra (normalmente, en forma de exemplares impresos) e a súa distribución comercial a cambio dunha remuneración económica. A Lei de propiedade intelectual establece o contido mínimo dun contrato de edición.

Escribín un libro pero aínda non está publicado. Está protexido pola lei?

Si, os dereitos de autor sobre unha obra corresponden ao seu autor ou autora polo simple feito de creala. A obra protéxese desde o momento en que se crea (por suposto, ten que se tratar dunha edición orixinal) sen que sexa necesario ningún tipo de rexistro especial, aínda que na práctica é recomendable, para unha mellor protección da obra, inscribila no Rexistro da propiedade intelectual.



II. Sobre casos prácticos no ámbito educativo

Estou preparando unha clase. Podo facer un expediente con fotocopias de capítulos de diferentes libros e artigos de revistas para distribuílo entre os meus alumnos?

É posible facelo coa autorización dos titulares dos dereitos das obras que se queren reproducir. Unha forma sinxela de conseguir esta autorización é mediante a licenza de reprodución que dá CEDRO no nome dos autores e dos editores de libros, revistas e outras publicacións. No entanto, de acordo coa Lei de propiedade intelectual non é necesaria a autorización dos titulares de dereitos (nin, polo tanto, a licenza de CEDRO) cando no ensino regrado un profesor, co fin de ilustrar as súas clases, reproduce pequenos fragmentos de obras para o seu uso nas aulas. Segundo a lei, esta excepción ao principio xeral de que para utilizar unha obra é preciso o permiso dos seus autores non afecta aos libros de texto, ás reproducións extensas das obras nin ás copias que fagan persoas distintas dos profesores ou que vaian usarse fóra da aula, casos en que si que se require a licenza dos titulares.

Uns compañeiros e eu escribimos un libro de texto para unha editorial. Protéxenos a Lei de propiedade intelectual?

Si, na medida en que esta lei protexe aos autores de creacións orixinais. Non obstante, nalgúns casos, os dereitos de autor sobre os libros de texto corresponden exclusivamente ás editoriais que os publicaron se se editaron como «obras colectivas» no sentido que dá a esta expresión a Lei de propiedade intelectual no seu artigo 8: «Considérase obra colectiva a creada pola iniciativa e baixo a coordinación dunha persoa natural ou xurídica que a edita e divulga baixo o seu nome e está constituída pola reunión de achegas de diferentes autores cuxa contribución persoal se funde nunha creación única e autónoma para a que fora concibida sen que sexa posible atribuír separadamente a calquera deles un dereito sobre o conxunto da obra realizada. Agás pacto que diga o contrario, os dereitos sobre a obra colectiva corresponderán á persoa que a edite e divulgue baixo o seu nome».

Os profesores autores de libros de texto poden impedir que os seus alumnos leven á clase un exemplar do seu libro fotocopiado?

A Lei de propiedade intelectual vixente en España permite, sen pedir a autorización aos autores, facer copias das obras para o uso privado e individual de quen as copia, sempre que non se fagan con fins lucrativos nin se leven a cabo en establecementos que ofrecen o servizo de reprodución ou que poñen á disposición do público os aparatos necesarios para facer as reproducións. Por iso a fotocopia dun libro que un estudante leve á clase pode estar dentro da legalidade.

É posible, ao facer un traballo, copiar fragmentos dos documentos (libros, revistas, etc.) que estou utilizando?

Si, é posible mesmo facelo sen pedir a autorización do autor, sempre que esa copia se faga en forma de cita para a súa análise, comentario ou xuízo crítico e que se indiquen correctamente o autor da obra e a fonte da que procede a cita.

Podo incluír nun traballo un fragmento dunha obra dun autor que aínda non foi publicada?

Si, se se conta coa autorización expresa do autor. No caso de obras xa publicadas, é posible facer citas sen este permiso previo sempre que se mencionen o autor e a fonte.

Tendo en conta que os traballos de investigación que se soen facer nun instituto teñen como finalidade a aprendizaxe, é lícito imitar a algún autor ou inspirarse nel para enfocar o traballo?

É lícito imitar coa finalidade de aprender pero hai que ter en conta a diferenza entre imitar, citar e plaxiar. O plaxio (a copia de obras alleas que se presentan como propias) está considerado como un delito.

É posible legalmente fotocopiar ou escanear libros e revistas?

Si, no caso de cumprirse determinados requisitos establecidos na lei. Por principio, é posible facelo sempre que se conte coa autorización dos titulares dos dereitos, é dicir, os autores ou os editores. Esta autorización pode obterse directamente dos propios titulares ou ben mediante unha licenza de reprodución de CEDRO.

A fotocopia ou escaneado tamén é legal cando se fai no ámbito doméstico para o uso privado dun mesmo.

O meu traballo inclúe fotografías de graffitis tomadas na vía pública. Teño que pedir permiso ao seu autor para reproducilos?

Non é necesario. Pódense reproducir, distribuír e comunicar librem ente por medio de pinturas, debuxos, fotografías e procedementos audiovisuais as obras situadas permanentemente en calquera vía pública.

Un grupo de amigos queremos transformar unha obra seria nunha parodia. Podemos facelo sen vulnerar os dereitos de autor?

Si, sempre que a obra que se parodie fora xa divulgada, que non exista risco de confusión entre a parodia e a obra orixinal e que non se cause dano nin á obra orixinal nin ao seu autor.

Quero traducir, adaptar, revisar, actualizar, resumir ou transformar unha ou varias obras que xa existen. Podo considerarme o autor do texto resultante?

Si. As traducións, revisións, actualizacións e anotacións, os compendios, resumos e extractos e as transformacións dunha obra calquera tamén se consideran traballo orixinal e están protexidos pola Lei de propiedade intelectual.

III. Sobre termos e conceptos de dereito de autor

A quen se considera autor?

A lei considera autor á persoa que crea algunha obra literaria, artística ou científica.

Que é unha obra para o dereito de autor?

É a creación orixinal literaria, artística ou científica expresada por calquera medio ou soporte, tanxible ou intanxible, actualmente coñecido ou que se invente no futuro. É o obxecto sobre o que a Lei de propiedade intelectual concede determinadas facultades a favor do seu titular.

Existe propiedade intelectual sobre as ideas?

Non, a Lei de propiedade intelectual protexe as creacións, é dicir, a expresión de ideas, teorías, sentimentos, etc., a través dalgún medio pero non as ideas en si mesmas.

En que consiste o dereito moral dos autores?

A propiedade intelectual está integrada, ademais de polos dereitos de carácter patrimonial, por outros de carácter persoal. Estes últimos son os denominados dereitos morais, que teñen a consideración de ser irrenunciabes e inalienables por parte do autor.

Basicamente, o contido destes dereitos radica en que o autor poida decidir se a súa obra ha ser divulgada e en que forma e en esixir o recoñecemento da súa condición de autor da obra e o respecto da súa integridade, co que pode oporse e impedir calquera modificación contra ela que lle sexa prexudicial.

Cales son os dereitos patrimoniais?

A lei atribúe ao autor o dereito exclusivo á explotación da súa obra de calquera forma. Tradicionalmente, distiguíronse catro modalidades de explotación da obra e atribuíuse expresamente ao autor o dereito sobre cada unha delas: dereito de reprodución, dereito de distribución, dereito de comunicación pública e dereito de transformación.

Que significa que unha obra entrou no dominio público?

Como regra xeral, os dereitos de explotación da obra duran durante toda a vida do autor e setenta anos máis despois da súa morte. Transcorrido ese prazo dise que a obra entrou no dominio público e, polo tanto, pode ser reproducida ou utilizada sen contar co permiso dos herdeiros e sen aboar contraprestación económica ningunha.

Non obstante, esta utilización por terceiras persoas de obras no dominio público debe respectar o dereito moral do autor da obra. Ademais, hai que ter en conta que, aínda que unha obra estea no dominio público, existe a posibilidade de que a edición desa obra que un quere reproducir ou usar doutra forma, por ser moderna, non estea no dominio público, senón que teña uns titulares (normalmente os editores) con dereitos sobre ela.

O prazo de protección de setenta anos compútase desde o día 1 de xaneiro do ano seguinte ao do falecemento do autor.

Cando se considera que unha obra é un plaxio?

Non existen regras de precisión absoluta para determinar a existencia dun plaxio. É necesario analizar cada caso concreto, así como os criterios dos tribunais nas súas sentenzas.

Que diferenza existe entre a propiedade intelectual e os dereitos de autor?

A propiedade intelectual é un concepto máis amplo, que abrangue tanto os chamados dereitos de autor (facultades que se lles recoñecen ao autor dunha obra) como outros dereitos conexos (dereitos previstos a favor doutros axentes que interveñen na creación dunha obra, como os artistas, intérpretes ou executantes, os produtores de fonogramas e de gravacións audiovisuais, as entidades de radiodifusión, etc.).

Que é o Rexistro da propiedade intelectual?

O Rexistro da propiedade intelectual é unha oficina pública concibida como un instrumento máis para a protección dos dereitos de propiedade intelectual dos autores e dos demais titulares sobre as creacións de carácter literario, científico e artístico.

Non é obrigatoria a inscrición dunha obra no rexistro para adquirir os seus dereitos de propiedade intelectual, xa que os ten o autor polo mero feito de creala.

(Máis información en www.mcu.es/propint/).

Que é unha entidade de xestión colectiva de propiedade intelectual?

As entidades de xestión colectiva de dereitos de propiedade intelectual son, de acordo coa definición empregada polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte na súa páxina web, «organizacións privadas de base asociativa e natureza non lucrativa que se adican en nome propio ou alleo á xestión de dereitos de propiedade intelectual de carácter patrimonial por conta dos seus lexítimos titulares».

Para actuar desta maneira, estas entidades requiren da autorización do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, en virtude do disposto na vixente Lei de propiedade intelectual.

En España existen actualmente oito entidades de xestión colectiva de dereitos de autor, que representan a diferentes tipos de titulares de dereitos sobre clases de obras distintas.

Que é e a que se dedica CEDRO?

CEDRO é a entidade de xestión colectiva dos dereitos de autor no sector da obra escrita. É unha asociación de escritores, tradutores, xornalistas e editores que se adica a protexer e a xestionar de maneira colectiva os seus dereitos de autor de tipo patrimonial. A misión de CEDRO é mellorar en España as condicións de traballo dos creadores da cultura escrita e facilitar o acceso legal dos cidadáns aos libros, ás revistas e a outras publicacións.

(Máis información en www.cedro.org).



Que significa?

Artista. Enténdese por artista, intérprete ou executante á persoa que representa, canta, le, recita, interpreta ou executa unha obra en calquera forma.

Autor. Persoa que crea algunha obra literaria, artística ou científica. Cando se trata de programas de ordenador, pódese considerar autora á empresa que edita e divulga o programa baixo o seu nome.

Ben inmaterial. As obras protexidas polo dereito de autor son bens inmateriais, posto que a lei considéraas independentemente do soporte material sobre o que se plasmaran (papel, CD, vinilo, soporte magnético, lenzo, etc.), aínda que este soporte sexa moi importante para a súa difusión e explotación. Por exemplo, unha improvisación musical existe mentres se produce, pero desaparecerá se non se grava nese momento.


Cesión de dereitos. Véxase *Transmisión de dereitos*.

Comunicación pública. É todo acto mediante o que unha pluralidade de persoas pode ter acceso a unha obra sen a previa distribución de exemplares a cada unha delas. Considérase que non existe comunicación pública se o acto se celebra dentro dun ámbito estritamente doméstico, non conectado a unha rede de difusión de calquera tipo.

Copyright. Sistema de protección dos dereitos de autor que protexe o dereito de copia ou reprodución dunha obra.

Creación. É a realización dunha obra debida á intervención humana. Non son obras, polo tanto, as creacións espontáneas da natureza. Non obstante, o autor pode utilizar obxectos e elementos producidos pola natureza, pero cunha achega propia.

Creador. Véxase *Autor*.



Dereitos conexos ao dereito de autor. Os dereitos conexos, afíns ou veciños son os que recaen sobre as persoas que fan de intermediarias entre o autor dunha obra e o público, como os artistas, os intérpretes, os produtores ou os executantes.

Dereitos de autor. Os dereitos de autor inclúen toda unha serie de facultades que se atribúen ao autor dunha obra literaria, artística ou científica. O dereito de autor recae sobre a obra e non directamente sobre o seu soporte. Existen dous tipos de dereitos de autor: os dereitos morais e os dereitos patrimoniais ou económicos.

Dereitos morais. Son aqueles polos que o autor pode decidir se a súa obra ha ser divulgada e en que forma e esixir o recoñecemento da súa condición de autor da obra e o respecto á súa integridade, co que poden oporse e impedir calquera modificación.

Dereitos patrimoniais. Refírense ao dereito exclusivo do autor para a explotación da súa obra en calquera das catro modalidades que prevé a lei: dereito de reprodución, dereito de distribución, dereito de comunicación pública e dereito de transformación.


Distribución. É a posta á disposición do público da obra orixinal ou das súas copias, xa sexa mediante a súa venda, aluguer, préstamo ou de calquera outra forma.

Divulgación. É toda a expresión dunha obra que, co consentimento do autor, faga que sexa accesible por primeira vez ao público en calquera forma.

Dominio público. Situación dunha obra unha vez finalizado o prazo de protección dos dereitos de explotación. As obras en situación de dominio público poden ser utilizadas por calquera persoa sen pagar dereitos, aínda que segue sendo obrigatorio respectar a autoría da e a integridade da obra.

Executante. Véxase *Artista*.

Entidade de xestión de dereitos. É unha asociación de titulares de dereitos de autor que xestiona os dereitos de explotación ou outros de carácter patrimonial no nome dos seus lexítimos titulares.



Expresión. É a materialización nun medio ou soporte dunha idea creativa. Para ser obxecto de protección, unha obra debeu ser expresada. Desta forma, as ideas son protexibles só cando foron expresadas, teñen certo grao de complexidade e son orixinais. Non é obxecto de protección a idea na mente.

Fixación da obra. Incorporación dunha obra a un soporte ou medio que permita a súa reprodución, copia e comunicación.

Intérprete. Véxase *Artista*.

Lei de Propiedade Intelectual. Lei que regula o dereito de autor e outros dereitos relacionados con el.


Obra. Creación literaria, artística ou científica expresada por calquera medio ou soporte, tanxible ou intanxible, actualmente coñecido ou que se invente no futuro. É o obxecto sobre o que a Lei de propiedade intelectual concede un poder de exclusiva a favor do seu autor.

Obra colectiva. Trátase da obra a cuxa creación contribuíron varios autores, sen que se poida atribuír a ningún deles por separado un dereito sobre o conxunto da obra. Nela, ningún dos participantes es recoñecido como autor. Os dereitos sobre a obra colectiva corresponden a quen tivo a iniciativa, coordinouna, editouna e divulgouna baixo o seu nome.

Obra en colaboración. É a obra resultante da colaboración de varios autores. O dereito sobre a obra corresponde aos seus autores na proporción determinada por eles mesmos.

OMPI. Organización Mundial da Propiedade Intelectual, con sede en Xenebra, creada en 1967 para fomentar a cooperación internacional en materia de protección da propiedade intelectual. Actualmente conta con 183 estados membros.

Originalidad. É o requisito esencial para que unha creación teña a consideración de obra. Distínguese entre a orixinalidade obxectiva, é dicir, a que permite diferenciar esa creación das demais -o que implica ter creado algo novo- e a orixinalidade subxectiva, isto é, a que explica que unha creación teña a súa orixe nunha persoa e sexa a expresión da súa personalidade, talento ou inventiva- que implica non ter copiado unha obra allea.



Patente. Concesión legal e limitada no tempo, emitida por un goberno, pola que un inventor pode excluír a outras persoas de producir, usar ou vender o seu invento, declarado como propio, mentres que o prazo da patente estea vixente.

Piratería. Chámase piratería dunha obra á súa reprodución como, por exemplo, a fotocopia non autorizada de libros ou a copia de gravacións discográficas ou de películas

Plaxio. Copia de ideas ou de obras alleas atribuíndoas a un mesmo como propias.


Plazo de protección. Como regra xeral, a nosa lei determina que, para as obras literarias, artísticas ou científicas, os dereitos de explotación duran toda a vida do autor e setenta anos despois da súa morte, con independencia da data de divulgación da obra. Unha vez cumprido ese prazo, a obra pasa a dominio público.

Propiedade industrial. A propiedade industrial inclúe as patentes, as marcas, os modelos industriais, os nomes e as denominacións comerciais.

Propiedade intelectual. É unha propiedade difícil de comprender, posto que se refire ás creacións da mente, que son bens inmateriais. No entanto, é unha propiedade moi presente nas nosas vidas, desde a roupa que usamos ata a música que escoitamos. Cada vez que compramos un libro, un xornal ou unha película; cando escoitamos a radio, vemos a televisión, accedemos a un sitio de Internet con algún contido cultural ou cando, simplemente, utilizamos o noso ordenador persoal, estamos obtendo bens ou servizos protexidos polo Dereito de propiedade intelectual. Os titulares deses bens ou servizos deben percibir directa ou indirectamente algunha compensación polo uso que estamos facendo dos seus dereitos. De igual maneira que o panadeiro cobra polo pan que elaborou, o autor dun libro ou dunha canción ten dereito a obter unha remuneración polo seu traballo. A propiedade intelectual divídese en dúas categorías: os dereitos de autor e a propiedade industrial.

Publicación. É a divulgación realizada mediante a posta á disposición do público dun número de exemplares dunha obra, de forma que satisfaga de forma razoable as súas necesidades, estimadas de acordo coa natureza e a finalidade da obra.

Rexistro Xeral da Propiedade Intelectual. É unha institución onde os autores poden inscribir as súas obras para protexer de forma preventiva os seus dereitos.



Reproducción. É a fixación da obra nun medio, de forma que se posibilite a súa comunicación e a obtención de copias de toda ela ou só dunha parte.

Reserva de dereitos. A reserva de dereitos é unha forma de protección preventiva e a súa finalidade é a de advertir e facer constar publicamente quen é o titular ou a quen corresponde a titularidade dos dereitos de explotación sobre unha obra e, polo tanto, a quen hai que pedir autorización para utilizala.

Símbolos de reserva de dereitos. Existen unha serie de símbolos que indican ou advirten da reserva de dereitos dunha obra. O símbolo ©, que provén da lexislación norteamericana e que se coñece como copyright (dereito de copia), utilízase anteposto ao nome do titular dos dereitos de explotación dunha obra e soe aparecer na primeira páxina de calquera publicación. Avisa da posesión duns dereitos a favor dunhas persoas determinadas e o público non só non pode ignoralo, senón que debe respectalo. O símbolo © utilízase na mención de todo tipo de obras e de dereitos de propiedade intelectual, a excepción do dereito de produtores de fonogramas (discos, CD, etc.), que se indica co símbolo (P) anteposto ao nome do produtor ou do cesionario en exclusiva. Nas copias dos fonogramas ou nas súas envolturas, xunto coa indicación do ano de publicación do fonograma, advirte igualmente de quen é o titular dos dereitos de explotación. O exemplo máis claro son os CD de música que compramos en calquera establecemento. A indicación (P) procede do termo inglés Producer (produtor).

Soporte. Material sobre cuxa superficie se rexistra información ou sobre a que se fixa e difunde unha obra literaria, artística ou científica como, por exemplo, o papel, o lenzo, a cinta de vídeo, o disco compacto, o soporte magnético ou dixital, etc.

Transformación. Con respecto a unha obra, é a súa tradución, adaptación e calquera outra modificación na súa forma da que resulte unha obra diferente. O autor da transformación posuirá os dereitos de propiedade intelectual da nova obra, aínda que o autor da obra preexistente ten o dereito a autorizar, durante todo o prazo de protección dos seus dereitos sobre a súa obra, a explotación deses resultados de calquera forma e en especial mediante a súa reprodución, distribución, comunicación pública ou nova transformación.

Transmisión de dereitos. É a cesión a terceiras persoas por parte do autor dunha obra dos dereitos de explotación (reprodución, distribución, comunicación pública e transformación), o que as faculta para usar e explotar a obra.



Se tes máis dúbidas, podes consultar esdelibro.es. Alí encontrarás máis preguntas frecuentes e poderás contactar co noso servizo de asesoría: asesoria@esdelibro.es.